



1.- IV Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Lembramos que a SGAPEIO convoca o **IV Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos**, organizado para estudantes de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio, e que a **inscrición** pode realizarse na páxina web do concurso entre o 1 e o 15 de abril de 2014.

Máis información: <http://goo.gl/YDU62f>

2.- Seminario na Facultade de Matemáticas

O departamento de Estatística e Investigación Operativa de Santiago organiza un seminario sobre **Modelización estatística con datos de incendios forestais** que terá lugar o día 27 de marzo de 2014 no salón de graos da Facultade de Matemáticas (Santiago de Compostela).

Programa do seminario:

17:00 – 18:00: Estudo dos incendios forestais en Galicia.

Miguel Boubeta Martínez (Universidade da Coruña).

18:00 – 19:00: Anthropogenic fingerprints in continental and global vegetation burning.

Jose Miguel Pereira (Universidade de Lisboa).

3.- Seminario de iniciación á investigación

O mércores 2 de abril terá lugar na Facultade de Matemáticas a **conferencia** titulada "Regresión cuantil: unha posición condicionada", a cargo de Mercedes Conde Amboage, no marco do Seminario de Iniciación á Investigación.

- Lugar: Aula 5 da Facultade de Matemáticas.
- Data e hora: 2 de abril de 2014 ás 17:00 h.

Resumo:

Un modelo de regresión permítenos establecer a relación entre unha variable resposta e unha ou varias variables explicativas. Aínda que a regresión en media ou media condicional é a máis coñecida, unha medida da posición (cuantil) condicionada pode ser tanto ou máis interesante e gozar de mellores propiedades. A estratexia consiste en substituír os mínimos cadrados por outro criterio de penalización, que ademais resultará máis robusto fronte a observacións atípicas. Ao longo desta charla presentaremos o que se coñece como o problema da regresión cuantil así como as principais propiedades do estimador. Ademais, aplicaremos modelos de regresión cuantil a un conxunto de datos reais.

4.- Workshop on Spatial-Temporal Models in Epidemiology and Health

The Centre of Statistics and its Applications of the University of Lisbon (CEAUL) kindly invites to participate in the **One-day Workshop on Spatial-temporal Models in Epidemiology and Health**, taking place in Lisbon on June 20th, 2014.

The workshop aims to i) bring together researchers who work with epidemiology and health sciences; ii) promote a fruitful discussion on the role of statistical methods, such as time series analysis and spatial statistics.

The invited speakers will present their methodological advancements with a heavy emphasis on applications. A poster session with contributed papers will complement the scientific program. The official language of the Workshop is English. The two/three best posters presented in the Workshop will be invited to submit/publish their (refereed) articles in an issue of RevStat: Statistical Journal.

Invited Speakers:

Andrea Riebler (Norwegian University of Science and Technology, Norway).

Daniela Cocchi (University of Bologna, Italy).

David Conesa (University of Valencia, Spain).

Ines Sousa (University of Minho, Portugal).

Lola Ugarte (Public University of Navarra, Spain).

Sujit K. Sahu (Univeristy of Southampton, UK).

Important dates:

24 March 2014 - Early Bird Registration Opens & Call for Abstract Submission Opens.

07 May 2014 - Abstract Submission Deadline.

20 May 2014 - Notification of Acceptance.

31 May 2014 - Early Bird Registration Closes.

15 June 2014 - General Registration Closes.

Further information: <http://spatialtemporalepihealth.weebly.com/>

5.- Xornada “Estatística e Big Data”

A *Societat Catalana d'Estadística* organiza a xornada "**Jornada Estadística i Big Data**" que se celebrará o día 3 de abril ás 10:00 horas na sala de actos da *Facultat de Matemàtiques i Estadística* da *Universitat Politècnica de Catalunya*.

Os ponentes desta xornada son Pepe Al-magro (Bayes Frescat), Pau Agulló (Kernel Analytics) e Marcelo Soria-Rodríguez (BBVA); e actuará como moderador Pedro Delicado (UPC). A inscrición a este evento é gratuita.

Máis información en: www.socestadistica.org/

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>